

INSTRUCCIÓN SOBRE MEDIDAS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA A REINCORPORACIÓN PRESENCIAL DO PERSOAL MUNICIPAL.

Por mor da identificación do brote de COVID-19, no Concello de Santiago fóronse desenvolvendo e implantando unha serie de medidas de acordo á información e criterios técnicos e sanitarios existentes en cada momento.

Ao tratarse dun problema de saúde pública, desde o goberno municipal comunicóuselles a todos os servizos e departamentos que as actuacións a desenvolver no concello serían as recomendadas polas autoridades e polo Ministerio de Sanidade.

O 9 de marzo a Concellería delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local informou sobre as medidas con motivo do COVID-19, para asegurar a prevención necesaria polo persoal empregado municipal. O 10 de marzo comunicouse o protocolo de actuación ante un caso confirmado do coronavirus.

Diante desta situación excepcional, os días 12 e 13 se estableceron pola Xunta de Goberno Local novas medidas de carácter urxente a fin de loitar contra a expansión da enfermidade e velar pola protección da saúde dos cidadáns, modificando as condicións para unha adecuada prestación dos servizos públicos no ámbito das competencias municipais que limite os contaxios polo COVID-19 tanto para o seu propio persoal como para a cidadanía.

O concello tamén estableceu un gabinete de crise que traballa no seguimento do impacto do COVID-19 nas actividades municipais e para asegurar a coordinación das súas actuacións.

O 14 de marzo publicouse o Real Decreto 463/2020 polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 prorrogado por Reais Decretos posteriores. O 15 de marzo a Alcaldía decretou medidas extraordinarias, entre elas o peche total de atención presencial nas oficinas municipais, agás aqueles servizos declarados esenciais.

Para garantir a seguridade das nosas empregadas e empregados públicos, para protexer a súa saúde e evitar contaxios, e o dereito de conciliación das familias, é necesario e fundamental prever un escenario de reincorporación gradual do persoal por fases ou etapas aos seus postos de traballo de maneira presencial.

Por todo o anteriormente exposto, e logo da reunión mantida con todas as organizacións sindicais o día 8 de maio, dítase a seguinte Instrución:

1.- Obxecto.

A presente instrución ten por obxecto servir de marco xeral que garanta homoxeneidade nos distintos servizos públicos do concello, á hora de establecer medidas de carácter preventivo, para evitar os riscos do COVID-19 no momento de reincorporación aos centros de traballo, sen prexuízo das especificidades e especialidades de tipoloxía de persoal e servizos a prestar en cada área municipal e tendo sempre en conta a aplicación das instrucións e protocolos que se establezan desde as autoridades sanitarias e a súa continua actualización.

As medidas de protección e prevención do contaxio do COVID-19 que conteñen estas instrucións son de aplicación a todo o persoal municipal mentres que as medidas planificadas para a reincorporación progresiva ao traballo, están dirixidas especificamente ao persoal e servizos municipais non esenciais ou que traballaron en remoto, a distancia, a persoal declarado esencial que se vexa afectado, ou estiveron acollidos aos permisos extraordinarios polo COVID-19.

2.- Fases do proceso de reincorporación progresiva ao traballo.

A reincorporación do persoal aos seus centros de traballo terá que producirse de maneira gradual, de xeito que se manteñan as condicións de seguridade e farase por etapas ou fases. Para iso, teranse en conta tanto as necesidades do servizo, as distancias de seguridade e os aforos, a existencia dos colectivos clasificados en cada momento como grupos vulnerables para COVID-19 polo Ministerio de Sanidade, e a conciliación familiar, que estarán exceptuados de reincorporarse nunha primeira etapa.

Consideracións preliminares:

Esta etapa preliminar comezará o 11 de maio e durará unha semana. Neste prazo de unha semana as persoas responsables de cada Xefatura de Servizo ou centro de traballo, tendo en conta as medidas contidas na presente instrución así como as medidas que están vixentes, e tendo en conta o seu modo de aplicación ás particularidades do seu servizo, deberán comunicar á Concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local as propostas organizativas do persoal do seu servizo e as propostas de cambios nos espazos de traballo ou instalacións en cadanseu servizo municipal para dotarse de barreiras, elementos de protección ou separación física, para reubicación ou cambio nos postos, no mobiliario, e colocación de cartelería, rotulacións e demais medios. A concellaría analizará ditas propostas e dará as oportunas indicacións para a súa efectiva implementación. Si os cambios supoñen alteracións nas condicións de traballo deberán ser consensuados coas organizacións sindicais.

Durante tódalas fases, deberase establecer nos servizos quendas semanais para permitir as distancias de seguridade e poderase combinar períodos de traballo presencial con períodos de teletraballo. Para na terceira e cuarta fase, sempre que as necesidades do servizo queden debidamente cubertas e cando se combine traballo presencial e a distancia, de cara a facilitar a conciliación familiar e a protección da saúde das persoas vulnerables, estes colectivos de risco terán prioridade na prestación do traballo non presencial e na elección das quendas, así como tamén o persoal con menores a cargo ou con coidado de maiores a cargo.

2.1. Primeira Fase:

Esta etapa comezará o día 18 de maio. En primeiro lugar, o luns día 18 de maio incorporaranse de maneira efectiva e presencial ao seu posto de traballo o persoal que durante este tempo permaneceu no seu domicilio sen opción ao teletraballo (ben por ser imposible realizar as súas funcións por este medio ou ben porque non dispoñía dos medios necesarios).

2.2. Segunda Fase:

Na segunda fase de reincorporación, que se prevé comezar o 25 de maio (condicionada pola futura evolución epidemiolóxica e polo avance nas fases do plan estatal de desescalada) daranse por rematados os permisos extraordinarios de teletraballo polo COVID-19 do persoal que non ten custodia de menores nin coidado de maiores a cargo e que non sexa persoal considerado de risco. As xefaturas de servizos organizarán a prestación do traballo de maneira presencial contando tamén de xeito progresivo con este persoal, de modo que permita manter a distancia de seguridade recomendada entre traballadores do servizo.

2.3. Terceira Fase:

A continuación, reincorporaranse ao traballo presencial, as persoas que teñen concedido un permiso extraordinario de ausencia concedido por cumprimento de deber de custodia de

menores ou coidado de maiores ao cargo, unha vez que este permiso se levante, tendo en conta a desaparición das circunstancias que o motivan.

Estes permisos se considerarán mentres concorren as circunstancias excepcionais ou existan decisións adoptadas polas Autoridades relacionadas co COVID-19 que impliquen o peche de forma total ou parcial dos centros educativos, centros de día ou de calquera outra natureza que dispensen coidados ou atención as persoas que os precisen. Poderanse negociar coas organizacións sindicais outras alternativas que permitan a conciliación laboral e familiar.

2.4. Cuarta Fase:

E en último lugar, unha vez que as autoridades sanitarias á vista do escenario así o establezan e tendo en conta as valoracións do servizo de medicina do traballo, poderán regresar ao traballo presencial o persoal empregado municipal de colectivos considerados sensibles, vulnerables ou de risco tras a adopción de aquelas medidas que sexan recomendadas.

3.- Flexibilización de xornada e horarios.

Así mesmo, ata que se poida chegar a unha situación de completa normalidade, é necesario manter e adoptar medidas de conciliación e flexibilización horaria, que poderán referirse tanto ás horas de entrada e saída, para evitar aglomeracións en horas punta, como ao establecemento de quendas. Estas circunstancias estarán en paralelo ao mantemento da posibilidade de traballo en modalidades non presenciais, como o teletraballo, que será obxecto de regulación nun momento posterior.

Dende o día 11 de maio con obxecto de limitar os contaxios, cada xefatura de servizo terá a posibilidade de ofrecer a aquel persoal que voluntariamente queira acollerse, a realización duns horarios de traballo diferenciados ou escalonados comprendidos dentro do tramo horario de 8h a 20h. O horario será con carácter preferente de 8 a 15h, e excepcionalmente poderase autorizar de 15 a 20 horas. De cara a facilitar a conciliación familiar, nas medidas de flexibilidade horaria terán preferencia na elección as persoas que teñen a custodia de menores ou maiores a cargo.

4.- Plans e medidas preventivas.

No ámbito de seguridade e saúde laboral é necesario que cada servizo dentro do seu ámbito organizativo, de acordo coas funcións establecidas no Plan de Prevención de Riscos Laborais do concello, integren e adopten nas súas actividades as medidas de actuación preventiva que en cada momento estean vixentes en base aos criterios e pautas que fixen as autoridades sanitarias competentes e tendo en conta as medidas aconselladas polo servizo de prevención de riscos laborais.

Neste sentido, para garantir a reincorporación segura e a homoxeneidade nas actuacións preventivas e niveis de protección nos centros de traballo do concello, fórmulanse as seguintes medidas e liñas xerais de actuación a adoptar:

4.1. Consideración previa.

Se algunha empregada ou empregado presenta sintomatoloxía (tose, febre superior a 37.5 graos, dificultade ao respirar, etc.) que puidese estar asociada ao COVID-19 non debe acudir ao traballo e contactará cos teléfonos de atención ao COVID-19 da Xunta de Galicia (900 400 116 ou 061) ou co seu centro de atención primaria de saúde e seguir as súas instrucións.

E para coñecemento da organización deberá avisar ao concello da súa ausencia, e de ser o caso, permitir a posta en marcha das medidas de desinfección e dos protocolos de illamento/corentena que procedan.

4.2. Centro/Instalacións de traballo.

Adoptaranse as medidas necesarias para dar cumprimento ao documento sobre medidas preventivas xerais para garantir a separación entre traballadores fronte ao COVID-19 do Ministerio de Traballo así como as súas posibles actualizacións e as boas prácticas que o Ministerio de Sanidade recomenda. Tomaranse as medidas adecuadas para manter o distanciamento social, incluso coa instalación de mamparas, barreiras de separación e outras formas de delimitación de distancias, se fose o caso.

Deberase organizar o traballo de modo que se reduza o número de persoas traballadoras expostas, establecendo regras para evitar e reducir a frecuencia e o tipo de contacto de persoa a persoa. (Doc. Avaliación riscos 6.1 medidas preventivas xerais).

Favorecerase o teletraballo, sempre que sexa posible. (Doc. Avaliación riscos 6.1 medidas preventivas xerais, recomendacións preventivas de carácter organizativo a adoptar polo Concello e 6.5 medidas de carácter organizativo preventivas de control do contaxio a volta ao traballo).

Limitar as reunións presenciais e fomentar as videoconferencias (Doc. Avaliación riscos 6.5 medidas de carácter organizativo preventivas de control do contaxio a volta ao traballo).

O aforo máximo deberá permitir cumprir coas medidas extraordinarias ditadas polas Autoridades sanitarias, concretamente co requisito de distancias de seguridade (Doc. Avaliación riscos 6.5 medidas de carácter organizativo preventivas de control do contaxio a volta ao traballo).

Cando sexa posible, fomentarase e habilitaranse mecanismos de control de acceso nas entradas dos locais. Este control de acceso debe garantir o cumprimento estrito do aforo máximo calculado para esta situación extraordinaria (Doc. Avaliación riscos, 6.5 medidas de carácter organizativo preventivas de control do contaxio a volta ao traballo).

Colocar carteis de ocupación máxima en cada sala (Doc. Avaliación riscos, 6.5 medidas de carácter organizativo e preventivas de control do contaxio a volta ao traballo).

A hixiene de mans é a medida principal de prevención e control da infección, polo que se deberá asegurar a dispoñibilidade de auga, xabón, toallas de papel dun só uso e solucións hidroalcohólicas, xunto ao cumprimento das medidas de hixiene recomendadas á hora de toser, esbirrar ou evitar tocarse cara e ollos.

En relación aos xeles hidroalcohólicos, recoméndase a súa posta a disposición como medida complementaria naqueles ámbitos ou postos de traballo cun maior volume de afluencia de público, densidade de ocupación ou maior distancia dos devanditos postos aos lavabos.

Facilitarase a información nas instalacións como medida complementaria para reforzar a transcendencia da hixiene e do distanciamento social.

Refórzase o servizo de limpeza dos centros de traballo, con especial atención ás zonas comúns (escaleiras, corredores, ascensores, vestiarios, servizos hixiénicos, etc.). Nos aseos se priorizará o uso e instalación de billas de auga sen contacto.

En canto á ventilación, refórzase a limpeza dos filtros de aire e deberá aumentarse o nivel de ventilación dos sistemas de climatización para renovar o aire de maneira máis habitual. Tamén se adecuará, no seu caso, a xestión de residuos.

No referente á utilización de vehículos e maquinaria móbil, seguiranse as medidas recomendadas polo Ministerio de Sanidade en canto á limpeza e desinfección, así como ao

número de máximo de persoas por vehículo e distribución como xa se está facendo na actualidade.

Na medida do posible, no acceso ao centro de traballo, se nalgún servizo se considera necesario, habilitarase un sentido de entrada e outro de saída. No caso dos controis de seguridade, establecerase unha distancia razoable entre as persoas para evitar o contacto.

Limitarase o aforo nos ascensores en función do seu tamaño, priorizando a súa utilización por persoas con discapacidade. Fomentarase o uso de escaleiras, especialmente para o acceso ás primeiras plantas. Colocarase carteis indicando estas recomendacións.

En calquera caso, nas zonas comúns deberán seguirse as obrigas e/ou pautas que se establezan polas autoridades sanitarias.

4.3.Postos de Traballo.

Nos postos de traballo administrativos ou de oficina e similares cunha baixa probabilidade de exposición recoméndase manter dous metros de distancia ou dispoñer de barreiras físicas para evitar o contacto.

No caso de oficinas con atención ao público, ademais das medidas preventivas contempladas no punto anterior, deberase limitar o aforo, establecer cita previa (nos casos que sexa posible) e dispoñer das mesmas medidas de protección que se contemplan no uso das zonas comúns. Igualmente recoméndase dispoñer de barreiras físicas para limitar ou evitar o contacto directo.

Para estes efectos, xa se están instalando mamparas que facilitan o distanciamento do persoal empregado entre si, e tamén entre este e as persoas usuarias. Cada servizo velará para que isto se cumpra, e solicite á unidade de prevención de riscos as que considere necesarias.

O servizo de prevención proporá as medidas para a protección adecuada e proporcional ao risco de cada posto de traballo.

O uso e o acceso do público ás instalacións e servizos de arquivo e documentación do concello, adaptaranse ao establecido na Orde SND/388/2020, de 3 de maio, en tanto se manteña a súa vixencia.

O uso e o acceso de bibliotecas, salas de lectura municipais e similares, así como de locais ou espazos onde se poidan desenvolver actos ou espectáculos culturais e tamén das instalacións deportivas municipais, na medida en que lles afecten, adaptaranse ao establecido na Orde SND/399/2020, de 9 de maio, en tanto que estea vixente.

4.4.Medidas de protección individual.

O servizo de prevención de riscos determinará o uso recomendable de medidas ou elementos de barreira ou contención para limitar de forma colectiva a propagación do coronavirus e tamén aconsellará a protección individual adecuada e proporcional ao risco de cada posto de traballo en base ás medidas implantadas e ao establecido polas autoridades sanitarias en cada momento. No caso de que se poñan a disposición, por resultar necesarios ou recomendables para o posto de traballo, ben sexa por prevención ou para a contención, deberanse seguir as indicacións proporcionadas polo servizo de prevención para coñecer a importancia do uso correcto e como medida complementaria ás implantadas, con obxecto de evitar un incremento dos riscos derivados dun uso incorrecto así como para evitar relaxar o cumprimento do resto de medidas.

4.5.Información ao persoal empregado.

As empregadas e os empregados públicos serán informados das medidas implantadas en cada servizo, así como, das recomendacións hixiénicas para reducir o risco de contaxio, en particular das seguintes:

- Lavarse as mans frecuentemente con auga e xabón, especialmente ao comezo e ao fin de actividades en instalacións que son utilizadas masivamente ou de uso compartido.
- Facer uso de xel hidroalcohólico.
- En xeral evitar tocarse o nariz, os ollos e a boca.
- En caso de toser e/ou esberrar, taparse cun pano de papel e tiralo tras o seu uso. En defecto de pano de papel, utilizar a parte interna do cóbado para non contaminar as mans.
- Evitar o contacto físico nos saúdos (apretar a man, bicos, etc.).
- En todos os centros de traballo deberá poñerse de forma clara e visible a información a/s ficha/s de avaliación de riscos laborais fronte o coronavirus que máis se adecúen ao seu contexto.

4.6. Vehículos municipais.

Durante a crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 o uso dos vehículos municipais farase aplicando as pautas de seguridade, o uso de mascarías e as condicións de ocupación dos vehículos establecidas polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, mediante a Orde TMA/384/2020, de 3 de maio, e a Orde TMA/400/2020, de 9 de maio, mentres tanto estas disposicións estean vixentes, ademais de proceder á súa desinfección nos termos que se está realizando na actualidade.

4.7. Coordinación de actividades empresariais.

Os responsables dos contratos deberán manter os contactos necesarios coas empresas que prestan servizo nos centros de traballo para garantir que as mesmas cumpren cos requisitos e esixencias marcados polas autoridades sanitarias, así como as normas establecidas para o centro de traballo no que presten servizo.

No caso de que se comparta edificio ou instalacións en inmobles que non sexan da súa titularidade ou uso exclusivo, establecerase a adecuada coordinación cos titulares para a adopción das medidas preventivas necesarias.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2020

A concelleira de Economía e Facenda, Persoal,
Contratación e Modernización da Administración Local

Marta Abal Rodríguez